

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº105/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de maio/ Estado de homenaxe ás cantareiras

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



Importante afianzar as pedras que forman as cubas de salga romana do cantil de Canexol. Páx. 1

Seguen deteriorándose as dunas da praia de Canexol. Por que Parques as ten abandonadas? Páx. 1



O tempo non axudou na Semana Santa, por iso en Ons tivemos que pasar unha semana de “paixón gastronómica”. Páx. 3



Por que o Movemento Nudista abandonou unha praia tan emblemática como a de Melide en Ons? Páx. 2

A Axencia de Turismo rematará as obras de Acondicionamento da zona de Curro? Que pena que a oposición non se fixe nestes casos de falla de compromiso da Xunta. Páx. 2



Presentación do nº 30 da revista cultural AUNIOS. Páx. 4



life insular

ACTIVIDADE GRATUITA  
CORTEGADA

**Xornada de voluntariado ambiental**

obadoiro “Música da natureza”: construción de instrumentos musicais con elementos naturais

24 DE MAIO | 16:00 - 19:00

Lugar: Illa de Cortegada  
Saída: Porto de Carril  
Prazas: 25 (público familiar)  
Inscripción: [info@corticata.com](mailto:info@corticata.com)  
\*\*Actividade suxeita ás condicións meteorolóxicas

USIBADER



Salgadoiro de Suxestións referido ao tema do pandullo. Páx. 5

Interesante programación de Life Insular, coa participación do Parque Nacional. Para cando un proxecto similar do propio Parque. Páx. 6



O Faro de Ons Páx. 7

## Estado do pequeno cantil da Praia de Canexol

(18/04/2025)

Durante os días de Semana Santa que me acheguei a Ons, e aproveitando un inicio de día despexado, acheguei-me ata a praia de Canexol a ver como se atopaba o cantil que agocha as cubas de salga romana.

Atopeino bastante ben, a pesares de que os temporais levaron a marea ata o mesmo pé do cantil e os fortes ventos que sufriron durante o inverno, limpárono de maleza.

O que si notei e que as cubas, cada vez, están máis faltas das pedras que as compoñen. Coido que sería unha boa idea que os arqueólogos que están a traballar no Castro dos Mouros, ou o persoal de apoio que teñen, buscaran o xeito de asegurar e consolidar esas pedras, sen danar a cuba, para que non sigan o proceso de deterioro ou caída.

*Na foto da esquerda: Unha das cubas de salga que vai perdendo pedras nas súas dúas bandas.*

*Na foto da dereita: O buraco que no seu día foi utilizado polo escultor Gonzalo Viana como forno.*



Fermoso exemplar de ovo caseiro que as galiñas de Manoliño (Rabelo) , puxeron na súa casa de Chan da Pólvora. A contemplación das Xabreiras, as vistas sobre a ría de Pontevedra e o vento mariño, reláxanas, e de aí, eses logros.




## Dunas da praia de Canexol (18/04/2025)

Levo xa uns anos solicitando o arranxo e coidado das dunas de Canexol que, no seu momento, albergaron unha especie de planta en perigo de extinción.


Seguen o seu deterioro sen que a administración faga nada. Seguiremos insistindo para que, dialogando cos veciños do barrio, logren pechar a baixada que hai ao seu carón e evitar con iso que o dano vaia a máis.

Non entendemos o por que non protexen esta duna.



## ONS GASTRONÓMICO

Co fin de buscar a desestacionalización turística, o Grupo Acuña está a levar a cabo durante outono-inverno-primavera unha serie de eventos gastronómicos que, xunto coas visitas guiadas pola illa, están a dar a oportunidade de coñecer esta engaiolante illa fóra da tempada estival.



### A NUDISTA PRAIA DE MELIDE DE ONS.

(1/05/2025)

Ao longo destes xa 105 números de Onstopus, en varias ocasións saíu nomeada e comentado o tema do nudismo na praia de Melide de Ons. Tanto esta praia de Melide como a de Figueiras nas Cíes, foron pioneiras no nudismo en Galicia, sen embargo, a de Melide, dende 1995 en que a administración decidiu pechar esa Zona de Acampada, e sen saber aínda o por que, o nudismo foi desaparecendo dela, ata quedar reducido a un pequeno Gueto na zona norte da praia.

Todo ese mundo de persoas que acampaban alí, como os que diariamente se desprazaban ata ela, practicaban o nudismo case nun 90%, sen embargo, dende o peche da Acampada, só uns poucos antigos Camawuaianos a visitan asiduamente e uns escasos turistas son quen de quitarse o traxe de baño. Dende logo unha grande perda para un símbolo do Nudismo en Galicia (Melide) como tamén para as persoas que o practican.

2/05/2025



Punto 4: Preparación do acceso de vehículos pesados e espazos de provisións do parque. O coñecido como Pavicésped, o único realizado ata agora.



### Proxecto de execución e acondicionamento da Illa de Ons, a realizar pola Axencia de Turismo

Tal día como hoxe, 2 de maio, pero de 2023, fai dous anos, enviabamos ao Parque nacional as nosas suxestións sobre estas obras, que contaban cun presuposto de 1'65 millóns de euros.

Había estes puntos de actuación:

1. Punto de acceso á Illa
2. Centro de Información
3. Rúa principal do pobo
4. Acceso de vehículos pesados e espazo de provisións do parque
5. Espazo do entorno da depuradora
6. Acceso ás praias do sueste
7. Sinais e mobiliario dos espazos públicos
8. Recuperación dos camiños da illa e almacén para dornas.

Daquela considerabamos este proxecto interesante en case todos os puntos, excepto na idea que tiñan para a rúa principal de Curro, e estivemos atentos á realización das obras, cousa que, sen ter a máis mínima información, fomos comprobando que só levouse a cabo, comezando na primavera do pasado ano 2024, o punto 4, de preparar o acceso a vehículos pesados..., obra que, sen facer unha crítica á construtora, aínda rematou esta primavera de 2025.

Todo o demais do proxecto está sen realizar. A pregunta salta, perderanse eses cartos? Ou, como xa pensan outros, utilizarían eses cartos para outros cometidos diferentes aos do proxecto?

Preguntas que quedan no aire e outro ano máis pasará sen que esas obras vexan a luz, pois, segundo orde de Parques durante o verán non se poden realizar obras maiores na illa.

Quedamos tamén á espera.

# Así foi a Semana Santa 2025 en Ons



O Gran Alvarito, segue colleitando triunfo na pesca profesional-artesanal, con este enorme Peixe Sapo. Parabéns.

Ao igual que o ano pasado, esta Semana Santa estivo chea de auga, o que non permitiu grandes andainas, polo que houbo que pasear as “capelas” Acuña-Checho case deseguido. Pero iso tamén ten o seu encanto, xa que compartimos boas paroladas cos veciños e amigos que se achegaron a pesar do tempo. Houbo grandes papadelas, vimos algún partido, xogamos ás cartas,..., e ata dimos pequenos paseos cando o tempo o permitía.



Partidas de cartas no Checho e no Acuña.



Gran cocido na casa de Manoliño (Rabelo) con produtos de primeira calidade. Por primeira vez, probamos un prato típico da zona de Cangas, acompañando ao cocido, fideos feitos na propia auga desta ambrosía, con ovos cocidos. Estraño prato de acompañamento, pero exquisito de sabor, tendo en conta, que os ovos eran caseiros.



Aínda que o tempo non axudou nesta Semana Santa de 2025, os bos amigos da Illa de Ons e os seus veciños, habendo barco, non faltaron á cita, e desafiando as inclemencias meteorolóxicas, alí estiveron degustando os pratos típicos da illa, como mariscos varios, polbo en caldeirada, empanadas, arroz con choco e congro,..., todo regado cuns bos viños de Albariño e Rioxa. Logo as grandes paroladas acompañados duns cafés e, se o tempo o permitía, cousa que pasou poucas veces, atrevíanse a intentar unha pequena andaina. Paghrou a pena.

# PRESENTACIÓN AUNIOS Nº 30



O día 25 de abril de 2025, tivo lugar na Sala das Cunchas do concello de O Grove a presentación do nº 30 da Revista Cultural AUNIOS.

Á esquerda da fotografía Tino Pardellas, Presidente da As. Pineiróns, que falou sobre a asociación, obxectivos e futuro da revista.

Á dereita Pepe Taboada, secretario da As. Pineiróns, que relatou o Currículo do que ía a ser o presentador da revista. No centro Pepe Escalante (Peliso) que debullou o contido de Aunios, facendo fincapé no interese dos artigos que a compoñen.

Estivo seguida por numeroso público.

A revista contén artigos sobre a Illa de Ons (principal obxectivo de Pineiróns), do Grove e bisbarra do Salnés (bisbarra moi ligada á historia de Ons) e varios artigos xerais, pero que teñen unha relación coas dúas zonas que abrangue o contido da revista.

Destacar sobre Ons, os artigos de Mateo Fontán sobre a historia da electrificación da illa. Arturo S. Cidrás coa segunda parte da historia do transporte a Ons. De Xulio Pardellas sobre a boa sintonía entre Ons e a Escola Naval. Dopazo Entenza que conta unha curiosa práctica que se realizaba en Ons polo San Xoán. O grupo de arqueólogos da GEAAT que nos falan sobre a Salga de Canexol e o Castro dos Mouros. O pintor afincado en Cela, Jose M. Barreiro presenta dous cadros relacionados con Ons. Neste número David Conde Lourido homenaxea a Gustav Hennigsen. Julio Santos fala dos roles de homes e mulleres aunienses. Tino Pardellas e Anxo López falan sobre temas etnográficos. Calo Lourido escribe sobre as marcas de pesca utilizadas polos nosos mariñeiros. Marta Pérez escribe sobre astronomía na Illa e Gerardo Dasairas sobre as incursións de piratas e corsarios polas rías de Vigo e Pontevedra. No que respecta á zona de O Grove-Salnés, Emilio Insua fala dos versos que Delgado Gurriarán compuxo para a illa da Toxa. Jacobo Fernández nos presenta o Museo de Acuicultura de O Grove. Antón Mascato fala do escultor Asorey. Xosé Fuentes comenta o tema dos alcumes de San Vicente. Cosme Damían segue coa 2º parte da revisión do seu libro sobre as Aves da Costa. Francisco Meis escribe sobre os derradeiros cabreiros da Toxa. E os irmáns Parada falan sobre a vida no Grove polos anos 50 de boca da súa nai.

Pechamos a revista cos artigos relacionados coas illas galegas de Sálvora cun traballo de Ana Vilas e sobre a de Tambo de Lino Pazos. E Pepe Taboada fálamos sobre como se buscou a vida dende neno un habitante de Arra.




Entre outros moitos asistentes á presentación, destacaremos, de esquerda a dereita, a Emilio Ferrer, Arturo S. Cidrás, Tino Pardellas, Lino J. Pazos e Pepe Escalante. Degustando un vino galego despois do acto.

## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS Pesos de redes, pitambóns, pandullos, estronca,....

Ben referido ás novas que xurdiron no **Onstopus nº 95**, sobre as escavacións en Cíes. Logo no **nº 97** comento a necesidade de que os arqueólogos informen sobre todo o que van descubrindo nas súas escavacións. Neste **nº 97**, no que podemos chamar a portada, saco unha foto, facilitada polo Parque, dunha paleta onde hai un par de pedras descubertas nesas escavacións. Nestas pedras fixouse o historiador **Fernando Alonso Romero** e mandoume unha suxestión á vez de pedirme información sobre o nome das utilizadas en Ons para a arte do abalo.

Quedei coa copla, e despois de pescudar en Ons sobre a pregunta de Alonso Romero, saquei no **Onstopus nº 100B**, a suxestión de Alonso, o resultado das miñas pescudas e un pequeno resumo sobre aparellos pesqueiros de Ons que empregan pedras, coas súas correspondentes fotos. Coidei que con esas, aínda que breves, liñas xa quedaba aclarado o tema, pero cando lle levei a revista AUNIOS nº 30 a **Francisco Calo Lourido**, díxome que me ía comentar unha das novas que apareceron en Onstopus, pero, pola falta de tempo nese intre, optou por mandarmas posteriormente. Ese comentario era referido ao tema desas pedras que, eu coidei, eran parte da arte da Raña para a pesca do polbo, Alonso Romero, aínda que lle parecían pesos de rede, tamén pensou na posibilidade de que algunha fose un pitambón para o abalo,...., despois de moito matinar quedamos en que eran Pesos de Rede, pero, **Francisco Calo Lourido**, dá a súa opinión sobre este tema, que considero moi interesante:



*Efectivamente. Facía referencia aos varios lugares nos que falabas de “pedras”. Cando os arqueólogos falan de pesos de rede hai que collelo con pinzas. Eu en Baroña atopara unha pedriña alongada cun perfecto reguño lonxitudinal e, contra a opinión xeral de que era un peso de rede, dixen que nunca viran unha rede, pois con pedriñas dese tamaño aquilo andaría bailando coas correntes. Eu defendín que, se foi usada no mar, se trataría dun peso, pero de liña. Certamente, os pesos de rede tiñan que pesar, e non precisaban un traballíño tan delicado, chegando cunha escotadura que permitise amarralo. Cando eu nacín aínda había quen empregaba pedras (e saquiños de area amarrados á tralla), xa que o chumbo era caro e, cada pouco, pérdense, sendo moi ben máis baratas e doadas de repoñer as pedras da praia que non precisaban ser mercadas nos efectos navais. Alonso Romero emprega a verba pitambón. Eu, e todo o mundo, facemos o mesmo; pero ese nome, para min, é máis libresco, posto que, desde pequeno, o coñecín e o usei como pandullo, o mesmo que en Ons... Efectivamente, emprégase para balar. Ir ao balo era largar unha longa rede, normalmente unha beta e, batendo co pandullo, facer que os peixes mallen nela. Pasei moitas noites de verán, con calor e calma*

*podre, balando e logo debagando robalizas, salmonetes e muxos. Empregouse sempre para cobrar a rapeta desde o barco. Fun moitas veces a Muros, (na banda do Son non atracan) ao que alí chamamos majúa (ammodytes lancea, se non me falla a memoria), bolo duns 10 cm ideal para cebo vivo dos badeixos. O mellor era ese ou pateiros femias ovadas. Iamos tres a bordo; un halaba de proa, outro de popa e o do medio pandullaba para que a majúa non ousase meterse por debaixo do barco e entrase no copo. O balo, por tanto, é unha técnica de pesca, non un aparello, aínda que logo se abrevie a fala e lle chamen así á beta; pensemos no cerco, outra técnica de pescar, que moitas veces da nome ao propio aparello, en rigor “cerco de jareta” ou, en Portugal “de retenida”, como eles chaman á jareta que pecha o aparello por baixo. Pero unha cousa son os aparellos e outro as técnicas de uso e os medios auxiliares, polo que o pandullo non é máis ca un instrumento que axuda a que o aparello pesque, o mesmo que o motor, o remo ou a maquiñiña. Eu sempre fun un purista e por iso me choca a mestura de nomes.*

*Tés toda a razón cando falas da importancia da pedra e citas instrumentos que a precisan, desde a poutada á estronca. No mundo violento de antes, a estronca empregouse máis veces das aconsellables para bater en alguén, polo que o verbo estroncar era frecuente e, cando un se atopaba mal, por enfermidade ou o que fose, dicíase que estaba estroncado. En fin, como se lle tivesen dado no cerro do lombo coa estronca.*



Pandullo empregado na Illa de Ons para o abalo.

Dentro da liña vermella, a **Estronca** empregada na Illa de Ons para desenganchar a raña cando quedaba prendida no fondo.



Moitas grazas, Paco Calo, pola túa suxestión que, a carón de ampliar máis sobre o coñecemento destes aparellos de pesca, agrandas aínda máis a nosa teima da necesidade de estudos e investigacións, no que a nós respecta, sobre o Patrimonio Inmaterial da Illa de Ons, neste caso marítimo-pesqueiro, pero que deberíamos ampliar a toda a temática etnográfica e á comunidade galega en xeral. Esperemos que algún día os xestores do Parque Nacional se dean conta da necesidade do estudo deste Patrimonio e patrocinen a súa investigación.


Aínda que pode ser, que xa sexa tarde.

# PARQUE NACIONAL ACTIVO

Sigo coa teima, entre outras, de que as illas que pertencen ao Parque Nacional, teñan unha actividade anual intensa, dentro das circunstancias que permita a meteoroloxía, o estado do mar e as posibilidades económicas, porque senón, para que un Parque Nacional sen Actividade durante todo o ano?

Dende a posta en funcionamento deste minixornal, foi unha suxestión que incluín nunha boa cantidade de números. O Parque ten uns bos Guías, como persoal oficial, que levan anos traballando a prol deste Parque. Os xestores organizan anualmente cursos para formación de máis guías, supoño, que tanto para colaborar co propio organismo, como para aquelas empresas que queren traballar nas illas que o compoñen; polo que hai un grupo humano importante co que se pode contar para a realización de actividades, só hai que poñer os medios adecuados para que o poidan efectuar e facelo dun xeito planeado e sostible.

Coido, que dende a Dirección do Parque hai ganas de que se leve a cabo pero, tamén penso, que o fallo vén dende a parte política: D. Xeral de Patrimonio Natural e a propia Consellería de Medio Ambiente que, xunto co Organismo Fantasma “Padroado”, non posibilitan que este importantísimo Parque Nacional, funcione como debería, o que provoca, que só o seu atractivo, sexa o mesmo que proxectan para as Rías Baixas, dedícalo a Sol e Praia, e así todo funciona ben e non teñen problemas.



Imaxe da praia se Silgar, Sanxenxo. O que busca a Consellería de Medio Ambiente para as praias do Parque Nacional. Foto: <https://es.123rf.com/>



**ACTIVIDADE GRATUITA (barco + ruta) ONS**

## Actividade de sensibilización ambiental

ruta interpretativa para a observación de aves mariñas e terrestres nas illas de Ons

**18 DE MAIO | 10:30 - 17:30**

Lugar: Illa de Ons  
Saída: Bueu  
Plazas: 20 (todos os públicos).  
Inscripción: [info@corticata.com](mailto:info@corticata.com)

\*Actividade suxeita ás condicións meteorolóxicas



©CORTICATA

Dende mediados do mes de abril o Proxecto “Life Insular” comezou a funcionar no Parque Nacional. Que é este proxecto? Así o definen na súa paxina: “Life Insular, es un proyecto trasnacional de conservación y restauración de hábitats insulares, liderado por la Xunta de Galicia y financiado por la Unión Europea, con la participación de España e Irlanda. Su objetivo es implementar una estrategia integrada para la restauración de hábitats en islas del Atlántico, buscando una gestión sostenible de la biodiversidad”.



**ACTIVIDADE GRATUITA**

## Actividade de Sensibilización Ambiental

Ruta interpretativa + plantación de especies arbóreas autóctonas na contorna da Capela de Cortegada

**3 DE MAIO | 10:30 - 13:30**

Lugar: Illa de Cortegada  
Prazas: 25 (todos os públicos)  
Inscripción: [info@corticata.com](mailto:info@corticata.com)

\*\*Actividade suxeita ás condicións meteorolóxicas



©CORTICATA

Interesantes actividades: “A música da natureza”. “Xornada de voluntariado ambiental/ observación de flora”. “Sensibilización Ambiental... **Plantación de especies arbóreas...**” “Observación de fauna... Coñece as bolboretas do Parque Nacional...”. “Coñece as bolboretas da illa de Cortegada”. “Ruta de observación da flora de Cabo Udra”. “Observación de fauna da illa de Cortegada...”. “Obradoiro de rastros e pegadas”. “Ruta interpretativa flora de Corrubedo e Lagoa de Carragal...”. “Observación de aves mariñas en Ons”. “Obradoiro de Musica da Natureza... Construcións de instrumentos musicais con elementos naturais”. “Ruta interpretativa de observación de aves nas dunas de Corrubedo...” “Restauración de hábitats insulares... **plantación**” ...

Programación de Life Insular, na que participan, entre outros, o Parque Nacional. Pero, por que non organiza actividades similares o propio Parque Nacional durante a tempada de outono-primavera? Por que non hai unha conexión máis eficaz entre as programacións das navieiras e o Parque? A carón desas magníficas ideas de Life Insular, como non xorden outras iguais ou parecidas do Parque Nacional: etnografía, arqueoloxía, observación de especies (fauna e flora),..., micoloxía, arquitectura, pesca,... Como non está dispoñible o Centro de Visitantes durante a etapa invernal?... Estamos a maio, non temos coñecemento das programacións do Parque para o verán, como poden os turistas programar a súa visita ou estadía nun Parque Nacional? De verdade que só van a atopar sol, praia, andaina sen planificación oficial,..., ou posible botellón; iso é o que busca a Consellería de Medio Ambiente? AVIADOS ESTAMOS. **Páx. 6**

# *FARO de ONS*

Parece que estou agochado,  
pero non, só permanezo  
á espera.

Teño dous bos custodios,  
que miran por min.  
O meu medo,  
é ao futuro que me agarda.